



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A xaneiro – marzo 2015

**7 de xaneiro:** entregamos...



#### Olive Kitteridge, de Elizabeth Strout

Premio Pulitzer 2009. Son trece relatos unidos por un nexa común, a profesora retirada Olive Kitteridge ofrece a súa óptica particular sobre a vida cotiá dunha pequena vila mariñeira do condado de Maine. Elizabeth Strout tamén gañou o National Book Award con este título.

*Comentario: 21 de xaneiro*

**21 de xaneiro:** entregamos...



#### El estandarte, de Alexander Lernet-Holenia

En 1918 un mozo oficial do exército imperial austríaco reincorpórase a filas tras un período de convalecencia. No seu destino en Belgrado, namórase de Resa Lang, unha dama da corte de María Antonia de Austria, e decide conquistala. Obra considerada como unha das mellores novelas escritas sobre o fin do Imperio Austrohúngaro.

*Comentario: 4 de febreiro*

**4 de febreiro:** entregamos...



#### Un dedo manchado de tinta, de Manuel Portas


Seis pequenas historias protagonizadas por persoas comúns, historias que poderían ser reais conectadas pola casualidade e non pola causalidad, personaxes que poderíamos atoparnos nunha rúa calquera de Compostela. Segunda novela de Manuel Portas, escritor, profesor e sociolingüista.

*Comentario: 18 de febreiro*

**4 de febreiro ás 18,30 h.:** presentación do libro *“Totum revolutum”* de Cristina Barrio



**18 de febreiro:** entregamos...



#### La invención de Morel, de Adolfo Bioy Casares

A inmortalidade e o control da vida, así como o amor e a soidade son os temas desta novela fundacional da literatura de anticipación. Escrita en 1940, o seu protagonista chega a unha illa deserta na que só hai tres construcións: unha capela, unha piscina e un museo, posteriormente atoparase cun grupo de persoas, aparentemente veraneantes, a quen observará de lonxe, evitando ser descuberto.

*Comentario: 4 de marzo*

**4 de marzo:** entregamos...



#### Las viudas de los jueves, de Claudia Piñeiro

Na exclusiva urbanización Altos de la Cascada viven familias que levan un mesmo estilo de vida e que queren mantelo custe o que custe. Alí, un grupo de amigos réunese semanalmente lonxe das miradas dos seus fillos e esposas, as cales se autodenominan, chanceando, «as viúvas dos xoves». Premio Clarín de Novela 2005 en Argentina.

*Comentario: 18 de marzo*

**18 de marzo:** entregamos...



#### Las buenas personas, de Nir Baram

En 1938 e tras abandonar unha prometedora carreira nunha empresa estadounidense, Thomas Heiselberg decide traballar para os nazis en Polonia. Mentres, en Leningrado, Aleksandra Weissberg, filla dun intelectual xudeu, implicase co Comisionado do Pobo para Asuntos Internos de Stalin. Thomas e Aleksandra resollen sobrevivir a calquera prezo.

*Comentario: 15 de abril*